

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE RIVEIRA O DÍA 3 DE NOVEMBRO DO 2016.

ASISTENTES:

Presidente: D. Manuel Emilio Pérez Outeiral Membros que asisten: D^a Elvira Pereira Ageitos D^a María Esther Patiño Rey D. Anxo Orellan Fernández D^a María Herminia Pouso Maneiro	Interventor: Non asiste Secretario en funcións D. José Martínez de Llano Orosa Membros que non asisten: D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde) D. Víctor Reiriz Lampón D^a Fabiola García Martínez
---	---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Riveira, sendo as nove horas e trinta minutos do día tres de novembro do dous mil dezaseis, reúnen-se os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES.

Foi aprobada, por unanimidade dos presentes, a acta da sesión ordinaria de data 27 de outubro de 2016.


II.- FACTURAS E PROPOSTAS DE GASTO.

A) FACTURAS.

Non se presenta ningunha factura para a súa aprobación

B) PROPOSTAS DE GASTO.

Non se presenta ningunha proposta de gasto para a súa aprobación





III.- CONTRATACIÓN.

1.- Adjudicación do contrato para a execución das obras de “Eficiencia enerxética sobre a instalación de iluminación no Centro Deportivo de A Fieiteira”.

Visto o expediente que se tramita para a execución das obras de “Eficiencia enerxética sobre a instalación de iluminación no Centro Deportivo de A Fieiteira”, segundo a Memoria valorada redactada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira en outubro de 2016, cun orzamento de execución por contrata de 48.877,66 euros (valor estimado do contrato: 40.394,76 euros; IVE 21%: 8.482,90 euros).

A actuación está financiada polo Instituto Enerxético de Galicia, segundo Resolución do 3 de setembro, pola que se conceden subvencións, en réxime de concorrência competitiva, para a creación, mellora e ampliación de pequenas infraestruturas, mediante proxectos de aforro e eficiencia enerxética na Administración local (publicada no Diario Oficial de Galicia número 176, da data 15/09/2016).

As ofertas solicitadas e as presentadas son as que se indican a continuación:

Licitador	Registro de entrada		Oferta económica
	Data	Número	Prezo total (IVE 21% incluído)
BOIRESA E HIJOS, S.L.L.	11/10/2016	13.201	19.990,97 euros
INDUSTRIAL ELÉCTRICA DE GALICIA, S.L.	13/10/2016	13.278	36.511,75 euros
SELVIGO, S.L.	13/10/2016	13.240	36.600,20 euros
FERROVIAL SERVICIOS, S.A.	13/10/2016	13.226	43.989,89 euros
SETGA, S.L.U.	11/10/2016	13.181	48.877,66 euros
MIYARES ELECTRICIDAD, S.L.	Non presentou oferta		

Por oficios da alcaldía da data 24/10/2016 requiríuse ás empresas presentadas para que xustificasen as súas ofertas, presentando a documentación técnica necesaria e suficiente para poder comprobar que os materiais sobre os que as ditas empresas realizaron a oferta económica se axustan as características técnicas sinaladas na Memoria valorada da enxeñeira municipal.

Con data 26/10/2016 a enxeñeira municipal emitiu un informe no que, entre outros extremos, manifesta que a proposta de “Boiresa” presenta dous inconvenientes:

“1/ A proposta non mantén os materiais cos que se solicitou a subvención. E polo tanto fai necesario o visto e praxe do INEGA para que este cambio manteña ao Concello como beneficiario da subvención. Este trámite é un grave inconveniente para o Concello, principalmente polo prazos para a execución da actuación.

2/ A proposta de Boiresa presenta unha merma substancial na calidade dos equipos propostos para a actuación. Este último criterio obriga á exclusión da oferta de Boiresa.”



CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

Con data 02/11/2016 a enxeñeira municipal emitiu un novo informe no que, entre outros extremos, manifesta que as propostas presentadas por “Industrial Eléctrica de Galicia, S.L.”, “Sielvigo, S.L.”, “Ferrovia Servicios, S.A.” e “Setga, S.L.U.” manteñen a calidade dos materiais cos que se solicitou a subvención, polo que se propón adxudicar ao que teña presentado a oferta económica máis vantaxosa.

Tendo en conta que, segundo se indicaba nas invitacións para presentar as ofertas, para a adxudicación deste contrato teranse en conta, unicamente, as ofertas económicas realizadas polos licitadores presentados e admitidos. Polo tanto, a adxudicación realizarase a favor da empresa que presente a oferta máis vantaxosa economicamente, consistente no prezo máis baixo.

Vista a proposta emitida pola Mesa de Contratación na súa reunión da data 02/11/2016.


A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015 (*ditado ó abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*), **ADOPTA OS SEGUINTE ACORDOS:**


PRIMEIRO.- Excluir desta licitación á empresa “Boiresa e Hijos, S.L.L.”, por canto a súa oferta presenta unha merma substancial na calidade dos equipos propostos para a actuación, segundo se manifesta no informe emitido pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 26/10/2016.

SEGUNDO.- Adxudicar a execución das obras de “Eficiencia enerxética sobre a instalación de iluminación no Centro Deportivo de A Fieiteira”, segundo a Memoria valorada redactada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira en outubro de 2016, á empresa “Industrial Eléctrica de Galicia, S.L.” (NIF nº B36006328), **no prezo total de 36.511,75 euros** (Base: 30.175,00 euros; IVE 21%: 6.336,75 euros), por ser a que presentou a oferta económica máis favorable, consistente no prezo máis baixo.

TERCEIRO.- De conformidade co establecido no artigo 156 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, **requirir ó adxudicatario para formaliza-lo correspondente contrato** en documento administrativo no prazo non superior ós 15 días hábiles seguintes a aquel en que reciba a notificación deste acordo de adxudicación.

CUARTO.- Designar como Directora das obras á enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira.





2.- Clasificación das ofertas e requirimento de documentación para a adxudicación do contrato para executa-las obras do proxecto denominado "MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA ZONA ESCOLAR DE FRIÓNS".

Visto o expediente que se tramita para contratar as obras do proxecto de "Mellora da seguridade viaria na zona escolar de Frións", cun orzamento total por contrata de 52.714,30 euros (valor estimado do contrato: 43.565,54 euros; IVE 21%: 9.148,76 euros), e cun prazo de execución de 2 meses.

O investimento foi incluído no "**Plan de Aforro e Investimento (PAI) Adicional 1/2015**", aprobado polo Pleno da Excm. Deputación Provincial da Coruña en sesión ordinaria realizada na data 29/04/2016, segundo a Circular da data 18/05/2016 (que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 19/05/2016, co número 5818).


O proxecto técnico, redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data decembro de 2015, foi aprobado por acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal na súa sesión da data 16/12/2015.


O expediente de contratación, por procedemento negociado sen multiplicidade cun único criterio de adxudicación (prezo máis baixo) e con tramitación ordinaria, o prego de cláusulas administrativas particulares e o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 453.60900, aprobáronse pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada na data 11/08/2016.

A licitación anunciouse no Perfil de Contratante do Concello (na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia), na data 17/08/2016.

Á vista do informe emitido polo administrativo adscrito a oficina de contratación, José Manuel Fernández Dios na data 20/09/2016 e da documentación existente na Oficina de Contratación, consta que a esta contratación presentaron as súas ofertas os seguintes licitadores:

- 1.- "Obras y Viales Cerne, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 19/08/2016, co número 10.597.
- 2.- "Construcciones Anspal, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 22/08/2016, co número 10.662.
- 3.- "López y Leis, S.A." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 23/08/2016, co número 10.745.
- 4.- "Brisa Excavaciones Obras y Servicios, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 24/08/2016, co número 10.805.
- 5.- "Vías y Servicios Generales, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 24/08/2016, co número 10.847.
- 6.- "Excavaciones y Obras Públicas Galicia, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 25/08/2016, co número 10.857.
- 7.- "Tarrío y Suárez, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 25/08/2016, co número 10.874.
- 8.- "Desmaco, S.L.U" Oferta que foi rexistrada de entrada na data





25/08/2016, co número 10.879.

9.- Alberto Pérez Sampedro. Oferta que foi rexistrada de entrada na data 25/08/2016, co número 10.886.

10.- "Nemesio Ordóñez, S.A." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 25/08/2016, co número 10.896.

11.- "Excavaciones Abelleira, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 25/08/2016, co número 10.898.

12.- "Construcciones Oñal, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 25/08/2016, co número 10.899.

13.- "Río Sieira, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 25/08/2016, co número 10.900.

14.- "Excavaciones Nima, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 25/08/2016, co número 10.901.

15.- "Obras y Viales de Galicia, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 26/08/2016, co número 10.924, enviada a través da oficina de correos na data 25/08/2016.

16.- "Actividades de Construcción Edificación y Viales, S.L. (ACEVI)" Oferta que foi rexistrada de entrada na data 26/08/2016, co número 10.925, enviada a través da oficina de correos na data 25/08/2016.

17.- "Excavaciones y Transportes Ivanca, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 26/08/2016, co número 10.926, enviada a través da oficina de correos na data 25/08/2016.

18.- "Obras y Saneamientos Galicia, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 26/08/2016, co número 10.936, enviada a través da oficina de correos na data 25/08/2016.

19.- "Hordescón, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 26/08/2016, co número 10.937, enviada a través da oficina de correos na data 25/08/2016.


20.- "Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 26/08/2016, co número 10.939, enviada a través da oficina de correos na data 25/08/2016.


21.- "Asfalgal Técnicas Viarias, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 26/08/2016, co número 10.940, enviada a través da oficina de correos na data 25/08/2016.

22.- "Canarga, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 26/08/2016, co número 10.942, enviada a través da oficina de correos na data 25/08/2016.

Unha vez realizada a apertura dos sobres "A", de documentación administrativa de cada un dos licitadores que presentaron a súa oferta a esta contratación, e logo do exame da documentación aportada, a Mesa de Contratación, en reunión celebrada na data 23/09/2016, acordou:

A.- Declarar excluída da licitación á empresa "Vías y Servicios Generales, S.L." por canto non indica no sobre "A" da súa oferta a porcentaxe de subcontratación, incumprindo polo tanto o disposto no último parágrafo da cláusula 12.1.B do Prego de cláusulas administrativas reitor da contratación: "As ofertas que non indiquen a porcentaxe de subcontratación, que excedan do máximo establecido no cadro de





características ou que inclúan o importe da subcontratación expresado en euros serán excluídas”.

B.- Requerir á empresa “Excavaciones y Obras Públicas Galicia, S.L.” para que, no prazo improrrogable de 2 días hábiles (contado desde ó día seguinte, inclusive, ó da recepción do requirimento que se lle envíe), de conformidade co artigo 81.2 do Real Decreto 1.098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas e a cláusula 15 do Prego de cláusulas administrativas particulares reitor deste expediente, presente debidamente asinada a documentación (por canto a presentada está sen asinar), baixo apercibimento de exclusión definitiva se no prazo concedido non procede á emenda da documentación.

C.- Declarar admitidas a esta licitación ás demais empresas presentadas, por considerar que a documentación administrativa aportada é correcta.


O requirimento á empresa “Excavaciones y Obras Públicas Galicia, S.L.” realizouse por medio de escrito da alcaldía que se rexistrou de saída na data 26/09/2016, co número 5110, e que foi notificado por correo electrónico ao licitador na mesma data 26/09/2016.

Unha vez rematado o prazo de emenda, e á vista da documentación aportada, a Mesa de Contratación, en reunión celebrada na data 30/09/2016, acordou dar por cumprido o requirimento de emenda e declarar admitida á empresa “Excavaciones y Obras Públicas Galicia, S.L.” por considerar correcta a nova documentación presentada.

Na mesma reunión da data 30/09/2016 a Mesa de Contratación realizou o acto da apertura dos sobres “B” de cada un dos licitadores admitidos a esta contratación, comprensivos das súas respectivas ofertas económicas (1ª oferta), que dou o seguinte resultado:

Orde	Licitador	1ª oferta económica
		Valor estimado (sen IVE)
1º	Excavaciones Nima, S.L.	29.363,17 euros
2º	Construcciones Oñial, S.L.	29.485,00 euros
3º	Excavaciones y Transportes Ivanca, S.L.	29.537,44 euros
4º	Construcciones Anspal, S.L.	30.000,00 euros
5º	Obras y Viales de Galicia, S.L.	30.099,17 euros
6º	Río Sieira, S.L.	30.190,92 euros
7º	López y Leis, S.A.	30.953,32 euros
8º	Excavaciones Abelleira, S.L.	31.280,00 euros
9º	Obras y Viales Cerne, S.L.	31.320,00 euros
10º	Desmaco, S.L.U.	32.530,38 euros
11º	Asfalgal Técnicas Viarias, S.L.	34.843,72 euros
12º	Hordescón, S.L.	35.144,32 euros





13º	Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L.	35.253,20 euros
14º	Obras y Saneamientos Galicia, S.L.	35.640,97 euros
15º	Tarrío y Suárez, S.L.	36.158,61 euros
16º	Alberto Pérez Sampedro	39.000,00 euros
17º	Actividades de Construcción Edificación y Viales, S.L.	39.208,76 euros
18º	Excavaciones y Obras Públicas Galicia, S.L.	40.400,00 euros
19º	Canarga, S.L.	40.515,95 euros
20º	Brisa Excavaciones Obras y Servicios, S.L.	41.915,18 euros
21º	Nemesio Ordóñez, S.A.	42.672,44 euros

Acordándose, na dita reunión, abrir a fase de negociación prevista na cláusula 15.4.2 do Prego de cláusulas administrativas particulares reitor do expediente de contratación.

As invitacións foron cursadas por medio de escritos da Alcaldía da data 11/10/2016, que foron rexistrados de saída na data 13/10/2016 e notificados por correo electrónico.

O acto público da apertura das segundas ofertas económicas (fase de negociación) de cada un dos licitadores admitidos a esta contratación, realizouse en reunión celebrada pola Mesa de Contratación na data 25/10/2016, e dou o seguinte resultado:

<i>Licitador</i>	<i>2ª oferta económica (fase de negociación)</i>
	<i>Valor estimado (sen IVE)</i>
Excavaciones Nima, S.L.	28.789,02 euros
Construcciones Oñial, S.L.	25.575,00 euros
Excavaciones y Transportes Ivanca, S.L.	27.489,86 euros
Construcciones Anspal, S.L.	28.900,00 euros
Obras y Viales de Galicia, S.L.	30.099,17 euros (Ratifica 1ª oferta)
Río Sieira, S.L.	27.901,00 euros
López y Leis, S.A.	29.528,72 euros
Excavaciones Abelleira, S.L.	31.280,00 euros (Mantén 1ª oferta)
Obras y Viales Cerne, S.L.	31.320,00 euros (Mantén 1ª oferta)
Desmaco, S.L.U.	32.530,38 euros (Mantén 1ª oferta)
Asfalgal Técnicas Viarias, S.L.	34.843,72 euros (Ratifica 1ª oferta)
Hordescón, S.L.	35.144,32 euros (Mantén 1ª oferta)
Movimiento de Áridos y Construc. de Arosa, S.L.	35.253,20 euros (Mantén 1ª oferta)
Obras y Saneamientos Galicia, S.L.	35.640,97 euros (Mantén 1ª oferta)
Tarrío y Suárez, S.L.	36.158,61 euros (Ratifica 1ª oferta)
Alberto Pérez Sampedro	32.000,00 euros



Actividades de Construcción Edificación y Viales, S.L.	27.495,87 euros
Excavaciones y Obras Públicas Galicia, S.L.	40.400,00 euros (Mantén 1ª oferta)
Canarga, S.L.	33.375,21 euros
Brisa Excavaciones Obras y Servicios, S.L.	26.014,16 euros
Nemesio Ordóñez, S.A.	35.449,28 euros

Visto que, unha vez realizadas pola Mesa de Contratación as operacións correspondentes respecto das ofertas económicas dos licitadores admitidos á licitación, resulta que as ofertas presentadas polas empresas "Construcciones Oñial, S.L." e "Brisa Excavaciones Obras y Servicios, S.L." deben ser consideradas, en principio, como anormais ou desproporcionadas.

A Alcaldía, por Decreto de data 26/10/2016, resolveu dar audiencia ás citadas empresas para que no prazo máximo de 5 días naturais, a contar desde o seguinte ó da notificación do correspondente requirimento, xustificasen as súas respectivas ofertas, en base ós criterios obxectivos indicados no citado Decreto de acordo co Prego de cláusulas administrativas particulares.

Presentaron documentación para xustificar as súas ofertas económicas os seguintes licitadores:

- "Brisa Excavaciones Obras y Servicios, S.L.": documentación que tivo entrada na data 28/10/2016 co número 14.207.
- "Construcciones Oñial, S.L.": documentación que tivo entrada na data 31/10/2016 co número 14.263.

Con data 31/10/2016 a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira emitiu *informe sobre a documentación presentada polas empresas para xustificar a temeridade das súas ofertas presentadas na licitación da obra "Mellora da seguridade viaria na zona escolar de Frións", no que conclúe que:*


Atendendo á documentación aportada polos ofertantes, considérase que Construcciones Oñial, S.L. xustifica debidamente a súa oferta, mentres que a empresa Brisa Excavaciones Obras y Servicios, S.L. non aporta documentación adecuada que xustifique a baixa temeraria na que incorreu.

Propoñendo aceptar a xustificación da baixa temeraria presentada pola empresa Construcciones Oñial, S.L. e excluír á empresa Brisa Excavaciones Obras y Servicios, S.L. do proceso de licitación.

Tendo en conta que, conforme establece o Anexo V do prego de cláusulas administrativas particulares reitor desta licitación, para a adxudicación deste contrato teranse en conta, unicamente, as ofertas económicas realizadas polos licitadores admitidos. Polo tanto, a adxudicación realizarase a favor da empresa que presente a oferta máis vantaxosa economicamente, consistente no prezo máis baixo.

Vista a cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares reitor deste contrato, e de acordo cos antecedentes expostos.





A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015 (*ditado ó abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*), **ADOPTA OS SEGUINTE ACORDOS:**

PRIMEIRO.- Declarar excluída da licitación á empresa “Vías y Servicios Generales, S.L.” por canto non indica no sobre “A” da súa oferta a porcentaxe de subcontratación, incumprindo polo tanto o disposto no último parágrafo da cláusula 12.1.B do Prego de cláusulas administrativas reitor da contratación: “As ofertas que non indiquen a porcentaxe de subcontratación, que excedan do máximo establecido no cadro de características ou que inclúan o importe da subcontratación expresado en euros serán excluídas”.


SEGUNDO.- De acordo co informe asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 31/10/2016, así como coa documentación presentada polas empresas como xustificación das súas ofertas:

a) **Considerar xustificada a oferta económica** presentada pola empresa “Construcciones Oñial, S.L.”.

b) **Non considerar xustificada a oferta económica** presentada pola empresa “Brisa Excavaciones Obras y Servicios, S.L.”, ao non aportar documentación adecuada que xustifique a baixa temeraria na que incorreu, **excluíndoa, polo tanto, desta licitación.**

TERCEIRO.- De conformidade co establecido no artigo 151.1 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, **clasificar, por orde decrecente de valoración, as proposicións admitidas á contratación das obras do proxecto denominado “Mellora da seguridade viaria na zona escolar de Frións”, do seguinte xeito:**

Orde	Licitador	2ª oferta económica (fase de negociación)
		Valor estimado (sen IVE)
1º	Construcciones Oñial, S.L.	25.575,00 euros
2º	Excavaciones y Transportes Ivanca, S.L.	27.489,86 euros
3º	Actividades de Construcción Edificación y Viales, S.L.	27.495,87 euros
4º	Río Sieira, S.L.	27.901,00 euros
5º	Excavaciones Nima, S.L.	28.789,02 euros
6º	Construcciones Anspal, S.L.	28.900,00 euros
7º	López y Leis, S.A.	29.528,72 euros
8º	Obras y Viales de Galicia, S.L.	30.099,17 euros (Ratifica 1ª oferta)
9º	Excavaciones Abelleira, S.L.	31.280,00 euros (Mantén 1ª oferta)



CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

10º	Obras y Viales Cerne, S.L.	31.320,00 euros (Mantén 1ª oferta)
11º	Alberto Pérez Sampedro	32.000,00 euros
12º	Desmaco, S.L.U.	32.530,38 euros (Mantén 1ª oferta)
13º	Canarga, S.L.	33.375,21 euros
14º	Asfalgal Técnicas Viarias, S.L.	34.843,72 euros (Ratifica 1ª oferta)
15º	Hordescón, S.L.	35.144,32 euros (Mantén 1ª oferta)
16º	Movimiento de Áridos y Construc. de Arosa, S.L.	35.253,20 euros (Mantén 1ª oferta)
17º	Nemesio Ordóñez, S.A.	35.449,28 euros
18º	Obras y Saneamientos Galicia, S.L.	35.640,97 euros (Mantén 1ª oferta)
19º	Tarrío y Suárez, S.L.	36.158,61 euros (Ratifica 1ª oferta)
20º	Excavaciones y Obras Públicas Galicia, S.L.	40.400,00 euros (Mantén 1ª oferta)

CUARTO.- De conformidade co establecido no artigo 151.2 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, requirir a “Construcciones Oñial, S.L.”, que é o licitador que resultou clasificado en primeiro lugar, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba a notificación do correspondente requirimento, presente no Rexistro Xeral de Entrada deste Concello a documentación que se indica na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares.

De conformidade co disposto no artigo 146.5 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, o momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa Administración será o de finalización do prazo de presentación de proposicións.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicita-la mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.


Todo iso sen prexuízo do sinalado nos artigos 60.2.d) e 61.2.e) do TRLCSP.


IV.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

Non se presenta ningún decreto para a súa dación de conta

V.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación





VI.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VII.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VIII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

1.- Visto o escrito presentado por **Carmen Suárez Ruiz**, de data 19/10/2016 (Rexistro de entrada nº 13.633), no que solicita certificación urbanística relativa a parcelas situadas en Oleiros.

A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 20/10/2016, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar á solicitante como segue:

Ref. catastrais: 15074A032001090000KH - 15074A032001100000KE

Solicítase informe sobre se as fincas arriba mencionadas están incluídas dentro das mencionadas no artigo 31.1 da Lei do Solo de Galicia (2/2016).


No Plan Xeral de Ordenación Municipal de Riveira, as fincas están clasificadas como Solo Rústico Común, co que se pode afirmar que cumpren co citado artigo da Lei do Solo de Galicia


2.- Visto o escrito presentado por **Roberto Tato Sampedro**, de data 29/09/2016 (Rexistro de entrada nº 12.638), no que solicita certificación de terreo cedido a dominio e uso público en Rúa das Américas, 42 (Aguíño).

A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 28/10/2016, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ó solicitante como segue:

Ref. catastral: 8783113MH9088S0001QP

Solicítase certificación da superficie cedida a dominio e uso público dunha finca na Rúa das Américas, 42 (Aguíño). O Concello de Riveira concedeu licenza de obras para unha vivenda unifamiliar condicionada á cesión obrigatoria dos terreos necesarios para regularización de viais contemplados no PXOM. Para isto realizouse





un contrato de cesión entre o Concello de Riveira e D. Roberto Tato Sampedro, do que se achega copia.

Según dito contrato, cédese a dominio e uso público 34,00 m2 da propiedade a favor do Concello.

3.- Visto o escrito presentado por **Silvia Pérez Outeiral**, de data 14/06/2016 (Rexistro de entrada nº 7.515), no que solicita certificación urbanística relativa a parcelas situadas en Lombas (Palmeira).

A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Alberto Iglesias Fungueiriño, de data 02/11/2016, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar á solicitante como segue:

Ref. catastrais: Parcelas nº 656 e 657 do Polígo 30 de Urbana

Vista a localización da finca de acordo cos datos facilitados polo solicitante, examinada a lexislación urbanística e o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Riveira (PXOM) aprobado ao abeiro da Lei 1/1997 do Solo de Galicia, infórmase o seguinte:

1) As fincas nº 656 e 657 do Polígo 30 de Urbana de Riveira atópanse dentro da delimitación do solo clasificado como **solo urbano**, séndolle de aplicación íntegra o réxime do solo urbano establecido na Lei 2/2016, do Solo de Galicia e o disposto ó respecto pola Disposición Transitoria Primeira, apartado a) desta lei. En aplicación da citada D. T. seralle de aplicación a ordenación proposta polo planeamento xeral vixente.

4.- Visto o escrito presentado por Juan Pardavila Figueirido en representación de **Pescados Elena Riveira, S.L.**, de data 26/05/2016 (Rexistro de entrada nº 6.229), no que solicita certificación urbanística relativa a parcela situada en Couso.


A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Alberto Iglesias Fungueiriño, de data 02/11/2016, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar á solicitante como segue:

Ref. catastral: 15074A023000320000KW

Vista a localización da finca de acordo cos datos facilitados polo solicitante, examinada a lexislación urbanística e o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Riveira (PXOM) aprobado ao abeiro da Lei 1/1997 do Solo de Galicia, infórmase o seguinte:

1) A finca indicada no encabezamento atópanse dentro da delimitación do solo clasificado como **solo urbanizable**, séndolle de aplicación íntegra o réxime do solo





urbano establecido na Lei 2/2016, do Solo de Galicia e o disposto ó respecto pola Disposición Transitoria Primeira, apartado 2.b) desta lei. En aplicación da citada D. T. seralle de aplicación o disposto pola vixente lei para o solo urbanizable.

2) Compróbase ademais que a finca atópase dentro da clasificación de **solo urbano urbanizable**, e asignándolle o PXOM a calificación de S.U.Z. 1, coa correspondente ficha, a cal se adxunta ao presente informe.

3) Debemos indicar, e de acordo co establecido ao respecto polo artigo 28 da Lei 2/2016, o seguinte.

Artigo 28. Réxime do solo urbanizable

1. Os propietarios de solo clasificado como urbanizable terán dereito a promover a súa transformación, solicitando ao concello a aprobación do correspondente planeamento de desenvolvemento, de conformidade co establecido nesta lei e no plan xeral de ordenación municipal, ou proceder ao seu desenvolvemento se xa está ordenado directamente no plan xeral.

2. No solo urbanizable, en tanto non se aprobe a correspondente ordenación detallada, non poderán realizarse construcións, agás as que se vaian executar mediante a redacción de plans especiais de infraestruturas e as de carácter provisional, nas condicións establecidas no artigo 89.

4) Por remisión, pasamos a enunciar o establecido polo citado artigo 89 da Lei 2/2016, a saber:

Artigo 89. Usos e obras provisionais

1. Malia a obrigatoriedade da observancia dos plans, poderán autorizarse usos e obras de carácter provisional en solo urbano non consolidado, solo urbanizable e terreos afectados a sistemas xerais en tanto non se inicie o procedemento de xestión correspondente, sempre que non estean expresamente prohibidos polo planeamento xeral nin pola lexislación sectorial.

2. Os usos e obras provisionais deberán cesar e derrubarse cando o acordase o concello, sen dereito a indemnización. A autorización aceptada polo propietario farase constar baixo as indicadas condicións no rexistro da propiedade.

As obras executadas para usos provisionais deberán ser as mínimas imprescindibles para permitir unhas instalacións facilmente desmontables. Non se admiten como usos provisionais os residenciais nin os industriais.


IX.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

X.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación





XI.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR DON MIGUEL A. VÁZQUEZ BLANCO EN NOME E REPRESENTACIÓN DE D^a MARÍA ELISA GARCÍA GUDE POLAS LESIÓNS SUFRIDAS POR MOR DUNHA CAÍDA NA VÍA PÚBLICA. Expediente nº: RP 14/2014.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **Don Miguel A. Vázquez Blanco**, en nome e representación de **D^a María Elisa García Gude**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos e lesións sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- O día 01 de outubro de 2013, dona M^a Elisa García Gude ía camiñando pola rúa de Galicia, cando, á altura do número 11, tropezou cunha lousa que sobresaía do pavimento, caendo ao chan.

Segundo.- Como consecuencia da caída, a Sra. García Gude mancouse no brazo e na man dereita, polo que, nun primeiro momento tivo que ser trasladada ao Centro de Saúde e posteriormente ao Hospital da Barbanza, onde lle diagnosticaron unha rotura do dedo maimiño da man dereita.

Terceiro.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 17/07/2014 co número 8.886, dona M^a Elisa García Gude, representada por don Miguel A. Vázquez Blanco, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Riveira polas lesións sufridas pola mencionada caída, considerando que debe ser indemnizada na cantidade de 11.029,76 €, cantidade que desglosa do seguinte xeito:

- Indemnización por Incapacidade temporal:


Concepto	Días	Importe diario Baremo 2014	Total
Días impositivos	41	58,41 €	2.394,81€
Días non impositivos	179	31,43 €	5.625,97 €
Subtotal			8.020,78 €
Factor de corrección (10%)			802,07 €
TOTAL I.T.			8.822,85 €


- Indemnización por Incapacidade Permanente:

Secuelas:	Valor/punto Baremo 2014	Total
3 puntos	617,15 €	1.851,45 €
Factor de corrección (10%)		185,14 €
TOTAL I.P.		2.036,59 €

- Gastos de desplazamento: 170,32 €

Co seu escrito de reclamación achega a seguinte documentación: copia simple de escritura de apoderamento procesual, autorizada polo Notario de Riveira,





dona M^a Covadonga Vázquez López, na data 06/06/2014 co número 785 de protocolo; copia simple da comparecencia realizada na data 31/10/2013 pola reclamante ante a Policía Local do Concello de Riveira; informe pericial realizado por ATP Asesores Técnicos Periciales, S.L.; copia simple do informe emitido polo servizo de urxencias do Hospital da Barbanza; copia simple de informe médico sobre curso clínico emitido polo Hospital da Barbanza; copia simple de informe médico pericial realizado polo doutor Manuel Paz Brión; copia simple de informe de alta de consultas emitido polo Hospital da Barbanza; copia simple do xustificante de asistencia a tratamento de rehabilitación emitido polo Hospital da Barbanza; e copia páxina de guía Repsol na que se indica a distancia entre o domicilio da reclamante e o Hospital da Barbanza.

Cuarto.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el:

- Informe emitido polo doutor Manuel Paz Brión, rexistrado de entrada na data 13/01/2015 co número 397.
- Informe emitido pola Policía Local do Concello de Riveira remitido na data 19/01/2015.
- Actas de práctica das probas testemuñais realizadas na data 05/05/2015.
- Informe emitido polo Hospital da Barbanza, rexistrado de entrada na data 29/06/2015 co número 6.874.
- Informe emitido pola enxeñeira municipal na data 16/05/2016.
- Informe emitido por don Jesús Ángel Patiño Romarís, rexistrado de entrada na data 13/09/2016 co número 11.634.

Quinto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 15 días hábiles, presentándose alegacións pola interesada mediante escrito rexistrado de entrada na data 07/10/2016 co número 1.3066, e no que reitera a súa petición inicial.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.-


A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 01/07/2015.

Segundo.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de procedemento das administracións públicas e do procedemento administrativo común, observando as especialidades previstas no R.D. 429/1993, do 26 de marzo, que prevé algunhas peculiaridades para os procedementos sobre responsabilidade patrimonial.

Terceiro.-





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 141 da Lei 30/1992, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación de expropiación forzosa, lexislación fiscal e demais normas aplicables, ponderándose no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo do disposto, respecto dos intereses de demora, pola Lei Xeral Orzamentaria. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.


O parágrafo 5 do artigo 142 da Lei 30/1992, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico, ás persoas o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

Cuarto.-

En referencia agora ó presente caso, está lexitimada a Sra. M^a Elisa García Gude para deducir a reclamación de indemnización dos danos e lesións que pretende por ter sufrido as consecuencias lesivas do accidente ocorrido na rúa de Galicia, e fíxoo en tempo e forma idóneas, por canto formulou a súa petición antes de transcorrido un ano a contar desde a súa curación.

Actúa representada por don Miguel A. Vázquez Blanco, que acredita debidamente a súa representación mediante escritura de apoderamento procesual,





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

autorizada polo Notario de Riveira, dona M^a Covadonga Vázquez López, na data 06/06/2014 co número 785 de protocolo.


A lexitimación pasiva, pola súa parte, corresponde ó Concello de Riveira, por ser o titular da rúa na que ocorreu o accidente, e, polo tanto, ser a Administración responsable da vixilancia e conservación da mesma, pois de conformidade co disposto nos artigos 25.1 d) e 26.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, os municipios teñen competencia en materia de “infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade”, debendo prestar, en todo caso, o servizo de “pavimentación de vías públicas urbanas”, o que necesariamente inclúe o seu mantemento.

Centrándonos agora na análise da reclamación propiamente dita, o que si parece claramente acreditado é a realidade das lesións sufridas pola Sra. García Gude. Así se deduce dos partes médicos que achega a reclamante.

Sen embargo, e logo de dar por sentado que non se aprecia a concorrencia dunha causa ou circunstancia de forza maior, cómpre facer estimación da existencia de nexo de causalidade entre o funcionamento do servizo público municipal e as lesións producidas, por canto a reclamante conecta as súas lesións co estado defectuoso no que se atopaba a rúa de Galicia na data do accidente, para o que achega informe pericial emitido na data 28/01/2014 polo perito Jesús Ángel Patiño Romaris, e no que se dispón:

“1. Descripción de los hechos. 1.1. Circunstancias (...) Rúa de Galicia que se encuentra pavimentada con losetas de piedra, colocadas al mismo nivel, tanto en zona de aceras como centro de la calzada, esto es, no existe peldaño alguno de desnivel entre zona de acera y el vial para los vehículos del centro, por donde pueden circular los vehículos con las limitaciones apuntadas. (...) Se examinó en detalle el lugar del accidente, situado precisamente en la hilada izquierda según el sentido de marcha en que se incrementa la numeración de los portales de la calle, según se indicó, a la altura del número 11, donde se encuentra un estanco, situándose una panadería “Pas-Pan Degustación” a la altura del número 8. Constatando como una de las losetas de dicha hilada y las losetas contiguas perpendiculares fueron recientemente fijadas y tomadas con cemento (ver reportaje fotográfico adjunto a este informe). (...) En la inspección de dicho tramo de la Rúa de Galicia entre los números 1 y 21 se aprecia un deterioro y una falta de mantenimiento generalizada en el pavimento, especialmente en las referidas losetas de piedra que lo rematan, constatando la existencia de numerosas losetas levantadas, hundidas y/o fracturadas. (...) 1.2 Causas de los hechos. En base a lo verificado y examinado y a las circunstancias expuestas, se entiende que en el lugar del accidente, el día de los hechos, se encontraban deterioradas varias losetas de piedra del pavimento de la Rúa de Galicia, de manera que sobresalían del nivel del suelo, provocando que la asegurada tropezase en estas losetas y cayese, sufriendo las referidas lesiones. Deficiencias concretas en el lugar del accidente que, aunque, según se apuntó, este perito no pudo comprobar en el momento de la visita, puesto que se encontraban reparadas, se entiende que fueron las que causaron el tropezón, caída y lesiones de la asegurada, en vista de los indicios de reparación reciente de dichas deficiencias y







del deterioro y falta de mantenimiento generalizado que presenta el pavimento de la Rúa de Galicia."

Da documentación achegada ao expediente na fase de instrución, resulta que:

- A Policía Local do Concello de Riveira, non puido determinar o estado no que se atopaba a vía o día do accidente, nin tampouco puido determinar si o estado da vía foi a causa da caída sufrida pola Sra. García Gude, xa que unha vez revisados os arquivos policiais soamente existe unha comparecencia realizada na data 31/10/2013 pola reclamante na que da conta da súa caída na vía pública ocorrida na data 01/10/2013.
- As testemuñas ás que se tomou declaración no procedemento administrativo, coinciden en afirmar que non presenciaron a caída, xa que soamente viron a unha señora no chan, e que nese tempo na rúa había lousas en mal estado, pero sen poder asegurar que a reclamante caera debido ao mal estado da rúa, porque non a viron caer.
- No departamento de obras públicas do Concello non se tivo constancia do accidente e descoñécese o estado exacto da rúa á altura do número 11 na data da caída. Isto é o que reflicte a enxeñeira municipal no seu informe emitido na data 16/05/2016, polo que dispón que non pode afirmar a existencia dunha lousa solta á altura do número 11 na data 01/10/2013, nin que tal defecto provocase a caída da Sra. García Gude. Da conta, sen embargo, de que en marzo de 2014 procedeuse á redacción do proxecto de "*Reposición do pavimento das rúas de Galicia, Santa Uxía e Praza de Compostela*", no que se analiza a situación, nesa data e en canto a pavimentos, da rúa de Galicia, diferenciando a rúa en dous tramos, e dispoñendo que tanto no tramo 1 como no tramo 2, existen lousas rotas ou mal colocadas, debido sobre todo ao tráfico rodado incontrolado. Así mesmo informa que, a pesar do mal estado xeneralizado da rúa referido no proxecto, nas fotografías que forman parte do mesmo apreciase o estanco e fronte ao mesmo o establecemento denominado "*Pas-Pan Degustación*", lugar onde caeu a reclamante, é no que, na data da redacción do proxecto da obra, non se aprecia ningunha lousa solta nin ningún outro defecto que puidese constituír un factor de risco para a deambulación dos peóns.

Da análise das probas referidas, extraemos a seguinte conclusión: se ben a rúa, en xeral, non estaba en bo estado, no se pode determinar con exactitude se no tramo onde tivo lugar a caída existían lousas en mal estado. Nas fotografías existentes no expediente do referido tramo, tanto as do informe pericial que achega a reclamante como as do informe da enxeñeira municipal, aínda que tomadas en datas posteriores á caída, apreciase un estado normal da rúa. As fotografías do informe pericial nas que se aprecian lousas rotas ou en mal estado, poden corresponder a calquera tramo da rúa e non ao lugar onde a reclamante di ter caído. Asegura o perito que non se puido comprobar as deficiencias concretas no lugar do accidente no momento da súa visita, posto que se atopaban reparadas, pero a única





reparación que parece apreciarse nas fotografías do informe pericial, é a reparación dunhas lousas que forman parte dunha das hiladas que marcan o límite entre as beirarrúas e a calzada e que, como afirma o perito, teñen unha lixeira canaladura central destinada a conducir o auga pluvial aos sumidoiros, non sendo moi probable que alguén vaia camiñando xusto por enriba desas lousas pola forma que presentan, sendo o lóxico que se camiñe pola beirarrúa ou pola calzada, ao ser peonil, e non por riba dunhas lousas destinadas a canalizar o auga da chuva, e que non teñen unha superficie plana o que dificulta o camiñar.

Apreciase, polo tanto, unha deficiencia probatoria, no que se refire á relación de causalidade esixida entre o estado da rúa no lugar e data da caída e as lesións da reclamante, entendendo que non se acredita que a caída se producira na maneira que relata a reclamante.

Por todo o exposto, de conformidade co artigo 84 da Lei 30/1992, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 31/10/2016, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por don Miguel A. Vázquez Blanco, en nome e representación de dona M^a Elisa García Gude polas causas e fundamentacións expostas nos parágrafos precedentes.


XII.- VAOS PERMANENTES.


Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XIII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

1.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do escrito remitido polo **Xulgado Contencioso/Administrativo Nº 2 de Santiago de Compostela**, de data 26/10/2016 (rexistrado de entrada en data 31/10/2016 co nº 14.253), no que remite certificación da resolución, de data 14/09/2016, que pon fin ao recurso contencioso-administrativo (Proc. Abreviado nº 202/2016) interposto por José Martínez de Llano Orosa contra o Concello de Riveira, e no que acorda ter por desistido á parte demandante no citado recurso.

2.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do escrito remitido polo **Xulgado Contencioso/Administrativo Nº 1 de Santiago de Compostela**, de data 24/10/2016 (rexistrado de entrada en data 27/10/2016 co nº 14.092), no que remite sentenza nº 439/2016, de data 06/09/2016, e que resolve estimar parcialmente o recurso contencioso-administrativo (Proc. Ordinario nº 626/2013) presentado pola entidade





Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U., contra o decreto de data 17/09/2013, desestimatorio do recurso de reposición contra os acordos de data 05/02/2009 e 12/07/2012, polos que se cifra compensación a abonar polo concesionario ao Concello de Riveira pola compra de auga do Ulla de xuño de 2003 a xullo de 2010, e ordena aos servizos económicos que a cantidade a reintegrar por Aquagest, S.A. se efectúe mediante compensación coas facturas.

A Xunta de Goberno Local queda enteirada do escrito de referencia e, por unanimidade dos presentes, **acorda** que se adopten as medidas que procedan en consecuencia, dando traslado deste acordo aos servizos económicos municipais para que realicen as rectificacións ou liquidacións que procedan.

3.- Resolución en relación á designación de avogado e procurador no recurso contencioso-administrativo, tramitado como Procedemento Ordinario 529/2016, interposto por "Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia SAU".

Visto o asunto de referencia e tendo en conta os seguintes:


ANTECEDENTES DE FEITO


Primeiro.- Mediante escrito rexistrado de entrada na data 20/09/2016 co número 12.070, ditado no Procedemento Ordinario 529/2016, en relación ao recurso contencioso-administrativo interposto por "*Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia SAU*", contra o acordo do Pleno do Concello de data 30/05/2016 polo que se desestima o recurso de reposición interposto na data 08/02/2016 contra o punto 3º do acordo do Pleno da Corporación na sesión de data 30/11/2015 relativo ao cálculo da amortización do canon de financiación, o Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Santiago de Compostela acorda requirir a esta Administración a remisión a ese Xulgado do expediente administrativo correspondente á actuación administrativa impugnada, para o que outorga un prazo de 20 días, improrrogables, contados desde o seguinte da entrada do referido escrito no rexistro xeral do Concello (artigo 48.3 LXCA).

Segundo.- Mediante escrito rexistrado de entrada na data 25/10/2016 co número 13.958, o Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Santiago de Compostela, reitera a remisión do expediente administrativo correspondente á actuación administrativa impugnada no prazo improrrogable de 10 días, contado desde o seguinte da entrada do referido escrito no rexistro xeral do Concello (artigo 48.3 LXCA).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

As Administracións públicas contra cuxa actividade se dirixa o recurso contencioso-administrativo, consideraranse parte demandada no mesmo, e nas súas actuacións ante os órganos xurisdicionais serán asistidas, en todo caso, por Avogado, e deberán conferir a súa representación a un Procurador, cando se trate





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

de actuacións ante órganos colexiados (artigos 21 e 23 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Lei da Xurisdición contencioso-administrativa).

Interposto un recurso contencioso-administrativo, o Secretario xudicial requirirá á Administración para que remita o expediente administrativo, ordenándolle que practique os emprazamentos necesarios. O expediente reclamarase ao órgano autor da disposición ou acto impugnado ou a aquel ao que se lle impute a inactividade ou vía de feito. A Administración deberá remitir o expediente no prazo improrrogable de vinte días, a contar desde que a comunicación xudicial teña entrada no rexistro xeral do órgano requirido (artigo 48 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Lei da Xurisdición contencioso-administrativa).

Polo exposto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 31/10/2016, e visto o informe emitido ao respecto polo Interventor acctal., Jorge González Mariño, de data 02/11/2016, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Primeiro.- Designar como avogado a don Manuel Rodríguez Rodríguez e como procuradora a dona M^a Rita Goimil Martínez, para que se persoen en defensa dos intereses deste Concello e exerciten en consecuencia tódalas accións e actuacións que procedan neste procedemento, aprobando o presuposto de honorarios profesionais que achega o letrado Manuel Rodríguez Rodríguez para a súa intervención e dirección letrada en autos do referido recurso contencioso-administrativo, na contía de 4.840 €, así como o presuposto de honorarios profesionais que achega a procuradora M^a Rita Goimil Martínez pola súa intervención, na contía de 314,60 €.

Así mesmo, quedan facultados para proseguir o procedemento ata a obtención de sentenza firme.


Notifíquese aos interesados para os efectos oportunos. Entenderase que aceptan a designación se non manifestan o contrario ó ser notificados.

Estímase que a duración deste recurso contencioso-administrativo, tramitado como Procedemento Ordinario 529/2016, será de dous anos.

Segundo.- Remitir copia do expediente, completo, foliado e con índice de documentos, tal como se require, de conformidade co artigo 48 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, comunicando ao Xulgado que non se ten coñecemento da existencia doutros recursos contencioso-administrativos en relación coa mesma actuación administrativa impugnada neste recurso, ou con outras nos que exista conexión con aquela (artigo 38.1 LXCA).

Terceiro.- Notificar ós interesados para que poidan persoarse como demandados no recurso no prazo de 9 días. A notificación efectuarase segundo a Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. O emprazamento da Administración entenderase efectuado pola reclamación do expediente, e se entenderá persoada co envío do expediente. Os demandados legalmente emprazados poderán persoarse en autos no prazo concedido. Si o fixeran posteriormente, se lles terá por parte para os trámites.





non precluídos. Se non se persoasen oportunamente, continuará o procedemento polos seus trámites, sen que haxa lugar a practicarlles en estrados ou en calquera outra forma notificacións de calquera clase. Todo isto segundo o artigo 50 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

4.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN AO EXPEDIENTE DE COMPRAVENDA DUNHA PARCELA SITA NO LUGAR DE "CRUJEIRAS", PROPIEDAD DE FIDEL SAMPEDRO MARTÍNEZ, CO OBXECTO DE PROCEDER Á AMPLIACIÓN DO PARQUE PERIURBANO DE SAN ROQUE.

En relación ao asunto de referencia, de conformidade co establecido no artigo 175 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, con base aos seguintes,

ANTECEDENTES DE FEITO

1º Na data 22 de outubro de 2015, o Alcalde dita Providencia na que pon de manifesto a pretensión do Concello de ampliar o *Parque Periurbano de San Roque*, de titularidade municipal, co obxecto de dotalo de novos servizos e proceder á implantación de novas actividades que poidan desenvolver os visitantes que acoden ao mesmo. Para este fin, resulta necesario a adquisición de mais terreo, considerando idónea, tanto pola súa superficie como pola súa situación ao lindar cos terreos municipais, a finca coa referencia catastral 15074A005002910000KG, propiedade de Fidel Sampedro Martínez.

A este respecto, ordenase o traslado da citada Providencia á Secretaría e Intervención Municipal, a fin de que, previos os trámites oportunos e informes pertinentes, se proceda á aprobación do expediente de adquisición da finca referida.


2º Desde o departamento de secretaría e servizos xerais, procedeuse a impulsar de oficio o procedemento, recadando a seguinte documentación:

- Consulta descritiva e gráfica dos datos catastrais da referida parcela.
- Información do SIGPAC sobre a finca en cuestión
- Copia da escritura de "*Partición de Herdanza*", autorizada polo Notario de Riveira, dona M^a Covadonga Vázquez López, na data 19 de agosto de 2013, co número 745 de protocolo.

3º Consta no expediente informe emitido na data 26 de outubro de 2015 polo aparellador municipal, don Jesús García Ramos, no que valora o inmovible que se pretende adquirir do xeito que se recolle a continuación:

VALORACIÓN A PARCELA VALÓRASE EN 4916 X 4,00 = 19.664 €
--





4º Mediante informe emitido na data 27 de outubro de 2016, a enxeñeira municipal xustifica o interese público da súa compra.

5º Na data 27 de outubro de 2016, o interventor municipal accidental emite informe no que fai constar a existencia de crédito adecuado e suficiente no vixente orzamento municipal para a realización da compra pretendida, e que o 10% dos recursos ordinarios do orzamento vixente para o ano 2016 é 1.898.838,56 €.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O artigo 9.1º do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño (no sucesivo RB), reconece ás entidades locais plena capacidade xurídica para a adquisición e posesión de toda clase de bens e dereitos.

Entre os modos polos que se poden adquirir bens e dereitos que enumera o artigo 10 RB, atopamos a adquisición a título oneroso que pode ter lugar por medio de contrato (compravenda, permuta...) ou a través de expropiación forzosa.

A adquisición por medio de contrato ven regulada no artigo 11 RB, que se remite á normativa de contratación das Corporación Locais, e esixe de xeito específico, cando se trate da adquisición a título oneroso de bens inmobles, as seguintes actuacións formais:

a) Informe pericial previo, en todo caso de adquisición de inmovle, no que non só debe valorarse o ben, senón tamén xustificar a razón da conveniencia da súa adquisición.


b) Informe do órgano autonómico competente, en caso de inmobles de valor histórico ou artístico, cuxo valor de adquisición exceda do 1 por cen dos recursos ordinarios do Orzamento da Corporación ou do límite xeral establecido para a contratación directa en materia de suministros.

É necesario tramitar o correspondente expediente de adquisición.

A competencia para a adquisición de bens inmobles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial corresponde ao Alcalde, cando o seu valor non supere o 10% dos recursos ordinarios do presuposto nin o importe de tres millóns de euros. Así mesmo corresponde ao Pleno a adquisición de bens inmobles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando non estea atribuída ao Alcalde, e dos bens declarados de valor histórico ou artístico calquera que sexa o seu valor (Disposición adicional segunda do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público), co quórum da maioría simple (artigo 47.1 LRBRL); sendo delegable o exercicio da competencia por un ou outro órgano na Xunta de Goberno Local (artigos 21.3 e 22.4 LRBRL).

Segundo.- No caso que nos ocupa, trátase da adquisición a título oneroso por medio dun contrato de compravenda, do inmovle que se describe a continuación:





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

1.- Descrición: Parcela denominada "AGRONOVO" ou "TOMADA", no lugar de Crujeiras, do municipio de Riveira, a labradío, da superficie de corenta e nove áreas dezaseis centiáreas. Linda: Norte, herdeiros de Antonio Pérez, de Josefa Lastres Sevilla, Juana Sampedro Ayaso e outros; Sur, mais dos herdeiros de Antonio Pérez e en parte Concello de Riveira; Este, camiño; e Oeste, herdeiros de Ventura Sampedro Fernández e outros.

Título: Perténcelle por herdanza da súa nai, dona Manuela Martínez Martínez, segundo consta en escritura de "Partición de Herdanza", autorizada pola Notario de Riveira, dona M^a Covadonga Vázquez López, na data 19 de agosto de 2013, co número 745 de protocolo.

Inscrición: Non constan datos da súa inscrición no Rexistro da Propiedade.

Referencia catastral: 15074A005002910000KG.

Clasificación do solo: rústico de protección ordinaria, rústico de protección forestal e rústico de protección arqueolóxica.

Cargas: Non consta información sobre a existencia ou inexistencia de cargas.

Propietario: Fidel Sampedro Martínez, con DNI número 76504475N, e domicilio no lugar de Coroso, nº 51, parroquia de Palmeira, Riveira.


Polo tanto, resulta determinado o obxecto do contrato así como a capacidade de obrar do contratista.

En relación ás actuacións formais necesarias para proceder á adquisición por medio de contrato, consta no expediente informe pericial emitido na data 26 de outubro de 2015 polo aparellador municipal, no que se valora o inmovible do que se pretende a súa adquisición nun total de 19.664 €.

En informe emitido na data 27 de outubro de 2016, resulta acreditado polo Sr. Interventor de Fondos a existencia de crédito suficiente e adecuado para a adquisición que se pretende.

Non se trata dun ben de valor histórico ou artístico, polo que non se precisa o informe do órgano estatal ou autonómico competente.

En canto ao procedemento a seguir para a súa adquisición, o artigo 11 RB, ademais de esixir informe pericial previo cando se trata da adquisición de inmovibles, esixe o cumprimento dos requisitos contemplados na normativa reguladora da contratación das Corporacións Locais. A estes efectos, o Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, posibilita a adxudicación dos contratos mediante procedemento negociado (adxudicación directa) cando por razóns técnicas o contrato solo poida encomendarse a un empresario determinado (artigo 170 d). Por outra banda, o artigo 116.4 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, dispón que: "A adquisición terá lugar mediante concurso





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego


público, salvo que acorde a adquisición directa polas peculiaridades da necesidade a satisfacer, as condicións do mercado inmobiliario, a urxencia da adquisición resultante de acontecementos imprevisibles, ou a especial idoneidade do ben."

No presente caso, no informe emitido na data 27 de outubro de 2016 pola enxeñeira municipal se xustifica a conveniencia da súa adquisición: *"Informe sobre idoneidad y conveniencia de la adquisición de la parcela sita en el lugar de Crujeiras, municipio de Riveira, propiedad de Fidel Sampedro Martínez. En las afueras de la parroquia de Riveira, de este municipio, se encuentra el "Parque Periurbano de San Roque", de titularidad municipal, que constituye una zona temático-cultural al aire libre donde aprender viendo réplicas vinculadas con nuestro pasado. Aunque el Parque posee una importante extensión, ya que cuenta con una superficie de unos 171.563 metros cuadrados (finca con la referencia catastral 15074A005004130000KB), la Corporación Municipal tiene entre sus proyectos la ampliación del mismo, con el fin de dotarlo de nuevos servicios y proceder a la implantación de nuevas actividades que puedan desarrollar los visitantes que visitan el Parque. Así se indica en la Providencia de la Alcaldía de 22 de octubre de 2015, por la que se inicia expediente administrativo para la adquisición de terreno para la ampliación del Parque, en concreto para la adquisición de la parcela con la referencia catastral 15074A005002910000KG, propiedade de Fidel Sampedro Martínez. Esta finca propiedade del Sr. Sampedro Martínez, tiene una superficie de 4.916 metros cuadrados, lo que la convierte en una de las parcelas de mayor superficie del lindero Norte del Parque, ya que la mayoría, con excepción de alguna que está hacia la zona Oeste, son pequeñas parcelas alargadas y estrechas que configuran un conjunto de numerosas fincas en la zona Norte del Parque, cuya adquisición sería más dificultosa. Además constituye un terreno inmediato al Parque Periurbano, característica necesaria para la ampliación del recinto municipal, contando, así mismo, con acceso propio ya que la finca linda con camino por su lindero Este. Todas estas características: superficie, situación inmediata y acceso propio, es lo que hacen que esta parcela sea especialmente idónea al objeto de su adquisición por el Ayuntamiento, lo que imposibilita la adquisición de otra finca y justifica plenamente la imposibilidad de promover la concurrencia de ofertas"; o que xustifica plenamente o emprego da adquisición directa.*

O valor do ben que se pretende adquirir non supera o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento da Corporación nin o importe de tres millóns, segundo resulta do informe emitido polo Interventor, polo que o órgano competente para acorda-la adquisición é a Xunta de Goberno Local, ao ter delegada esta competencia, en virtude do Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 01/07/2015.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable procedendo á súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

Polo exposto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 31/10/2016, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Primeiro.- Adquirir a parcela denominada “AGRONOVO” ou “TOMADA”, coa referencia catastral 15074A005002910000KG, descrita no punto anterior, propiedade de don Fidel Sampedro Martínez (DNI número 76504475-N), polo prezo total de 19.664 €, que se fará efectivo mediante cheque nominativo coa sinatura da escritura pública de compravenda.

Segundo.- A parte vendedora queda obrigada á evicción e saneamento nos termos previstos no Código Civil para o contrato de compravenda.

Terceiro.- Incluír o inmovible adquirido no Inventario de Bens do Concello e proceder á súa inscrición no Rexistro da Propiedade de Noia.

Cuarto.- Facultar ao Sr. Alcalde para a sinatura dos documentos pertinentes.

Quinto.- Serán por conta do Concello todos os gastos e impostos derivados desta compravenda.


Sexto.- Notificar o presente acordo aos interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas do mesmo día, estendéndose a presente acta, da que, como secretario en funcións, dou fe e certifico.


Riveira, 3 de novembro de 2016

O Presidente da sesión

Dou fe, o secretario en funcións



Manuel Emilio Pérez Outeiral



José Martínez de Llano Orosa